


**CONCELLO
DE VIGO**



No verán... un conto

2021



**VIGO
EN GALEGO**



CONCELLO DE VIGO



PÚBLICO FAMILIAR

Peripo Atlántico



Polo Correo do Vento.
Para público familiar a partir de 5 anos

Nosa versión e homenaxe a Castelao e o seu "Panchito"...

Venres, 2 de xullo ás 19:00 en Navia (praza da De Digao -As Teixugueiras, 26-28)

O que levamos nas maletas



Magín Blanco. Para público familiar, idades recomendadas de 2 a 8 anos

Magín Blanco, creador de *A nena o grilo*, *A nena e o grilo nun barquiño*, *Gatuxo* e outras composicións que forman parte de propostas musicais para público infantil como *María Fumaça* e *Rosalía Pequeniña* interpretará en directo unha selección dos temas para público infantil que el mesmo compuxo acompañados dunha narración. O formato desta nova proposta será un contacontos musicado que axudará os nenos e nenas a estimular a súa creatividade e curiosidade polas letras e as palabras, pola lingua, polos contos e a música para que poidan crear o seu propio universo creativo.

Domingo, 4 de xullo ás 19:00 en Coia (Torreiro de Coia, na pista de hockei)

Sábado, 10 de xullo ás 19:00 en Alcabre (Torreiro de Alcabre, igrexa vella de Santo André de Alcabre)

CONCELLO DE VIGO



Xoves, 22 de xullo ás 19:00 en Vila Solita (Alcabre -camiño Freixeiro, 14)

Martes, 27 de xullo ás 19:00 na antiga PISTA DE TENIS que está no interior dos xardíns históricos do Pazo de Castrelos

Os nosos bosques



Diego García (Miudiño)
Para público familiar a partir de 5 anos

Mediante este contacontos amosamos a riqueza da vida que agochan os diversos bosques galegos. Mediante dinámicas de xogo e acompañadas de estupendas persoaxes. Coñeceremos as fragas, devezas, carballeiras e sotos... para descubriremos a realidade que cubre boa parte do país.

Martes, 6 de xullo ás 19:00 na antiga PISTA DE TENIS que está no interior dos xardíns históricos do Pazo de Castrelos

Venres, 16 de xullo ás 19:00 en Navia (praza da Lagoa -As Teixugueiras, 18-20)

Xoves, 26 de agosto ás 19:00 en Vila Solita (Alcabre camiño Freixeiro, 14)

Xela Arias, igualdade, solidariedade e amor pola lingua



Polo Correo do Vento
Para público familiar a partir de 5 anos

Para contar e debuxar a homenaxeada polo Día das Letras Galegas

CONCELLO DE VIGO



Xoves, 8 de xullo ás 19:00 na Miñooca

Eu de maior non quero ser princesa



As Maimiñas
Para público familiar a partir de 5 anos

"Quen non desexou ser algunha vez princesa ou príncipe de maior?. Seguro que moitos de vós quixestes! E Mai, por suposto, tamén. Pero tal vez iso de querer ser algo que non es en realidade non é tan boa idea...ou quizais queres selo polas razóns equivocadas... este espectáculo vai de igualdade, de independencia e de ser felices sendo o que ti queiras ser."

Luns, 12 de xullo ás 19:00 na Praza da Pedra (Vigo Vello)

Martes, 20 de xullo ás 19:00 na antiga PISTA DE TENIS que está no interior dos xardíns históricos do Pazo de Castrelos

Martes, 10 de agosto ás 19:00 na Alameda de Bouzas (Alameda Suárez Llanos)

Martes, 31 de agosto ás 19:00 na Praza da Independencia

CONCELLO DE VIGO



Música Miúda en concerto

Música Miúda. Para público familiar a partir de 3 anos

Rock'n'roll para toda a familia: Música Miúda en concerto! A meiga Xela, o dinosauro Pepón, Antía Carapuchiña, o pirata Efrén e máis personaxes lévannos pola vila de Bemol Pequeno para aprender, cantar e divertirse nun espectáculo de música ao vivo. A bailar!



Martes, 13 de xullo ás 19:00 no antiga PISTA DE TENIS que está no interior dos xardíns históricos do Pazo de Castrelos

Domingo, 18 de xullo ás 19:00 en Bouzas

Sábado, 31 de xullo ás 12:00 no Calvario (diante do mercado)

Sábado, 31 de xullo ás 19:00 en Navia (praza da Lagoa -As Teuxigueiras, 18-20)

CONCELLO DE VIGO



A voar

Cé, orquestra pantasma (Muidiño)
Para público familiar a partir de 3 anos



Baseado no libro-disco *A voar*. Cántase e cántase a viaxe da pequena Xoana, xoaniña que movida pola curiosidade e o desexo de voar, emprenderá unha longa viaxe que a súa vida mudará, amosándonos que só a través da cooperación seremos quen de a nosa vida mellorar. Espectáculo divertido e dinámico, dálle ao público a posibilidade de recuperar o protagonismo activo sobre a súa diversión. *A voar* pretende axudar aos nenos e nenas a reivindicar a confianza necesaria para satisfacer as súas necesidades de liberdade, movemento e xogo libre, así pois, nenos e nenas... a voar!!

Mércores, 14 de xullo ás 19:00 na Praza da Independencia

Domingo, 1 de agosto ás 19:00 ou 20:00 (pendente de confirmar) en Matamá (torreiro da festa, enfrente do colexio Josefa Alonso de Alonso) [coordenadas: 42.2002,-8.7364]

Venres, 6 de agosto ás 19:00 en Navia (praza da De Digao -As Teixugueiras, 26-28)

Elas contan



Bea Campos
Para público familiar a partir de 3 anos

Unha divertida sesión de narración oral, teatro e música na que se reflexiona sobre a igualdade entre nenas e nenos, a perspectiva de xénero e os estereotipos.

CONCELLO DE VIGO



Xoves, 15 de xullo ás 19:00 na Miñooca

Luns, 19 de xullo ás 19:00 na Alameda Suárez Llanos de Bouzas

Venres, 30 de xullo ás 19:00 na Praza 8 de marzo (Avda. das Camelias)

Venres, 20 de agosto ás 19:00 en Navia (Praza da De Digao -As Teixugueiras, 26-28)

Ramona Órbita, a dona do tempo



Pakolas
Para público familiar, idades
recomendadas de 4 a 9 anos

Pakolas guíaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través da súa voz e a guitarra, nun espectáculo individual creado polo propio autor, onde a interacción e participación coas nenas e nenos, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.

En *Ramona Órbita, a dona do tempo*, Pakolas preséntanos o seu último librodisco, editado en Sonárbore, na Editorial Galaxia (agosto-2020).

Neste novo traballo contaremos e cantaremos a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel, que posúe unha horta automática con patacas cibernéticas, e ademais ten unha máquina do tempo, o seu mellor invento. Con ela viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico e con enerxías limpas.

Así, a través das cancións e a narración, imos saltando a diferentes épocas. Ramona viaxa á prehistoria a comer churrasco de mamut con Manolo Cavernario que acaba de descubrir o lume, visita a Leonardo Da Vinci no Renacemento, acode ao Antigo Exipto cun tal Ramsés que lle cheiran os pés, ou conversa cun robot que ten unha Roda Rota que se fai chamar Time, etc. Todo ata chegar a Benvidas ao Futuro na que cantamos por unha

CONCELLO DE VIGO



sociedade mais ecolóxica e concienciada co respecto e coidado á natureza.

Xoves, 15 de xullo ás 19:00 na Vila Solita (camiño Freixeiro, 14)

Venres, 16 de xullo ás 19:00 no Vao (ao carón da capela)

Mércores, 21 de xullo ás 19:00 na Praza da Pedra (Vigo Vello)

Sábado, 28 de agosto ás 19:00 en Navia (Praza da Lagoa -As Teixugueiras, 18-20)

Contos diversos



Miguel Anxo Alonso Diz
Para público familiar, idades recomendadas
de 3 a 9 anos

Contido: Realización dun conta contos no que a través da participación activa das familias nas diferentes historias a través de xestos, movementos e verbalizacións, foméntanse aspectos relacionados cos valores da igualdade, respecto á diferenza e a diversidade. Ademais tamén se traballa vocabulario en lingua galega, os números, as vogais; así como a motricidade e a coordinación.

A idea é trasladar a toda a comunidade que a diversidade é positiva, a violencia nunca é un recurso e o respecto é o eixo das relacións entre os homes e as mulleres.

Obxectivos:

- Educar nos valores de igualdade e diversidade de xénero.
- Fomentar a importancia de construír a propia identidade libre de estereotipos de xénero.

CONCELLO DE VIGO



- Asociar a diferenza e a diversidade a aspectos positivos.
- Fomentar a creatividade na rapazada.
- Xerar relacións baseadas no bo trato e respecto mutuo.
- Identificar os diferentes sentimentos (medo, tristeza, leducia...) e profundar na educación emocional dende unha perspectiva de xénero.
- Traballar vocabulario na lingua galega.
- Pór en valor a nosa lingua.
- Pór en valor o conto e a poesía como ferramenta transformadora da realidade e elemento moi válido para a aprendizaxe.
- Fomentar a lectura e o uso da imaxinación.

Venres, 16 de xullo ás 19:00 na Praza da Independencia

Sábado, 24 de xullo ás 19:00 en Navia (Praza da Lagoa - As Teixugueiras, 18-20)

Mércores, 28 de xullo ás 19:00 na Alameda Suárez Llanos en Bouzas

Contos de mascotas que contan

Nanda Misa. Contada para público familiar a partir de 3 anos

"Contos de mascotas que contan"



En "Contos de mascotas que contan" quérovos presentar a unha chea de animalíños adorables. Un deles é unha mascota que aínda non é porque só está nos soños de quen a desexa moito moito, moito...

Outra é unha mascota diferente e moi pouco común pero non por iso menos especial.

Tamén temos unha mini mascota que se merece un mini conto e temos ata unha mascota de trapo que é tan adorable que está sempre chea de bicos e aloumiños.

Din que ter unha mascota e ter un amigo e estes contos están cheos de amigos...



Domingo, 18 de xullo ás 19:00 en Cabral (torreiro da igrexa Santa Mariña de Cabral)


Domingo, 25 de xullo ás 19:00 en Candeán (novo torreiro de Candeán no camiño

CONCELLO DE VIGO



Calvario-novo espazo de lecer e festas de Candeán)

Debulendo lendas galegas



Tarabelos (Esteban Acuña Lagos)
Para público familiar a partir de 4 anos

Recollemos a técnica centenaria do Kamishibai xaponés, “tarabelizámola” e temos un espectáculo de contacontos debuxado ao 100 %, onde as ilustración se poden ver, tocar, manipular, vestir... Pero, que significa “debuler”? Cando eu debuxo o que leo, entón “debuleo”, e nesta contada debuxamos xuntos e descubrimos xuntos o valor das lendas: lendas que ensinana o valor da nosa cultura galega... o valor para loitar pola vida... o valor da axuda dada e recibida... o valor de coñecer antes de deixarse levar polos falares!... o valor de unir forzas para vencer xuntos a dragóns invencibles... o valor e coraxe daqueles soñadores que buscan máis alá, onde a maioría di que non hai nada... e moito vale a risa e as lendas que buscan provocala... Valor que podemos ler e debuxar; valor que podemos “Debuler”.

Luns, 19 de xullo ás 19:00 no Calvario (diante do mercado)

Domingo, 25 de xullo ás 19:00 en Bembrive, ao carón do Centro Cultural Helios (Estrada de Bembrive, 258)

Xoves, 5 de agosto ás 19:00 en Vila Solita (Alcabre -camiño Freixeiro, 14)

Luns, 16 de agosto ás 19:00 no Pazo de San Roque

A verdadeira historia de Victoria



Público familiar e nenas e nenos a partir de 3 anos.

INTENCIÓNS:

A verdadeira historia de Victoria toma como punto de partida un brevísimos conto popular, co que xogaremos a imaxinar, a facer hipóteses e a crear rimas para inventar novos contos, cancións e historias.

SINOPSE:

Esta é a historia da vaca Victoria, pero... e se no lugar dunha vaca, Victoria fose... unha serpe, ou un coello, ou un galo, ou un lobo, ou unha solitaria velliña, ou ...?

Máis información nas web: snl.vigo.org e vigo.org (axenda)

Páxina 10 de 20

CONCELLO DE VIGO



Sábado, 24 de xullo ás 19:00 en Lavadores (pista deportiva na rúa de Santa Cristina, 2)

Martes, 10 de agosto ás 19:00 en Coruxo (capela de San Sebastián de Fragoselo. Subida de San Sebastián, 30)

Contos con pegada



Bea Campos

Para público familiar a partir de 3 anos

Sesión de narración oral, teatro e música para tódolos públicos na que se reflexiona sobre a nosa pegada no planeta.

Martes, 27 de xullo ás 19:00 na Praza da Pedra (Vigo Vello)

Mércores, 18 de agosto ás 19:00 na antiga PISTA DE TENIS que está no interior dos xardíns históricos do Pazo de Castrelos

Xoves, 2 de setembro ás 19:00 en Vila Solita (Alcabre -camiño Freixeiro, 14)

A investigadora Peregrina e o misterio das Illas Cíes



Polo Correo do Vento.

Para público familiar a partir de 5 anos

Que misterio atopará esta vez a investigadora Peregrina....

CONCELLO DE VIGO



Mércores, 28 de xullo ás 19:00 na Praza da Independencia

O esquío rampante




Polo Correo do Vento.
Para público familiar a partir de 5 anos

Viaxes na procura dunha beberaxe para curar
un carballo centenario...

Xoves, 29 de xullo ás 19:00 en Teis (diante do mercado)

Aldara na montaña



Soraya Lema
Público familiar. Idades recomendadas de 3 a 10 anos

Aldara na montaña preséntanos a historia dunha nena que inicia a súa primeira viaxe lonxe da casa. Aldara, logo dunha discusión co seu avó, decide fuxir cara á montaña dos Penedos de Pasarela e Traba. A protagonista toca co acordeón o “Pasodobre de San Roque” e, a partir dese momento, establécese unha relación máxica entre Aldara e cada un dos penedos que descobre. Na súa travesía, a bordo do barco Miramar, comparte viaxe coa señora Lebre e o señor Pallaso, e coa axuda da Agüa consegue chegar ao fogar das estrelas. Inspirada nos poemas de Pondal, *Aldara na montaña* constitúe unha historia de superación e de busca da identidade propia, ao tempo que pon en valor o noso patrimonio natural e cultural.

Xoves, 29 de xullo ás 19:00 en Vila Solita (Alcabre -camiño Freixeiro, 14)

Sábado, 28 de agosto ás 19:00 en Valadares (torreiro da festa ao carón da igrexa Santo André de Valadares) [coordenadas: 42.1778,-8.7250]

CONCELLO DE VIGO



Unha terra chea



UNHA TERRA CHEA

Guión:
Marcos Acuña

Música e letra:
Marcos Acuña

Arranxos musicais:
Marcos Acuña

Duración:
50 minutos aproximadamente.

Idade:
De 3 a 99 anos.

Sínope:
Vivimos nunha terra chea, chea de tantas cousas... Chea de natureza e auga, chea de aire puro e fermosura. Pero tamén unha terra chea de cultura, chea de canción e alalás, de contos e historias que corren polo vento ata pousarse nas ramizas das árbores. E allí, co son das follas ó ser acitadas polo aire na maná, as historias van pingando e son recollidas por persoas de todos os lugares da nosa terra. Contos que podemos atopar nos libros e nas cancións, historias que son nosas, que falan de nós... Cantamos un conto?

Martes, 3 de agosto ás 19:00 na Praza da Independencia

Martes, 17 de agosto ás 19:00 na antiga PISTA DE TENIS que está no interior dos xardíns históricos do Pazo de Castrelos

Domingo, 12 de setembro ás 19:00 no torreiro da festa ao carón da igrexa de Santo André de Comesaña. Estrada Matamá-Pazo Comesaña, 115

O espantamedos



Inacio Vilariño

Público familiar.

Idades recomendadas de 5 a 10 anos

O medo, a pesares de facernos vivir momentos indesexables, protéxenos de multitude de perigos e situacións que poden resultar perxudiciais, e é por iso que desde sempre os medos tiveron nome e imaxe. En Espantamedos, Inacio Vilariño proponnos un conxunto de contos e cancións para enfrontarse a eses medos patrimoniais que dun xeito ou doutro perviven na sociedade galega dos nosos días.

CONCELLO DE VIGO



Mércores, 4 de agosto ás 19:00 no Calvario (diante do mercado)

Xoves, 19 de agosto ás 19:00 na Vila Solita (Alcalbre -camiño Freixeiro, 14)

Martes, 24 de agosto ás 19:00 na antiga PISTA DE TENIS que está no interior dos xardíns históricos do Pazo de Castrelos

Onda min



Raquel Queizás

Para público familiar, a partir de 3 anos
Ven onda min, que che conto...

As historias que escoitei cando era coma ti e ía buscar o caldeiro de berberechos.

Onda min lévanos á pesca das historias propias, da nosa memoria, da nosa tradición oral para alimentar as novas xeracións. Tamén embarcaremos nos libros para ir na procura de historias alleas, de outras terras ás veces tan diferentes ás veces tan semellantes ás nosas.

Espectáculo de narración oral con manipulación de obxectos.

Xoves, 12 de agosto ás 19:00 na Vila Solita (Alcalbre -camiño Freixeiro, 14)

Venres, 13 de agosto ás 19:00 na Alameda Suárez Llanos en Bouzas

Venres, 27 de agosto ás 19:00 en Navia (Praza da De Digao -As Teixugueiras, 26-28)

Mércores, 1 de setembro ás 19:00 na Praza da Independencia

Sábado, 4 de setembro ás **18:30** en Zamáns (parque forestal Zamáns, torreiro da festa. Estrada da Igrexa, 234)

CONCELLO DE VIGO



Os soños dos golfiños



Público familiar

Idade recomendada a partir de 3 anos

Cun olliño aberto e o outro pechado os golfiños dormen, sempre atentos, dispostos a saltar en calquera momento e chegar ás nubes máis altas cos seus brincos, buscando o seu soño... Neste espectáculo Os Golfiños viaxarán por un mar de músicas cun repertorio moi variado, cantando novos temas e lembrando as súas cantigas de sempre. Enriba do escenario, un teclado e a voz de Elena Paz

Venres, 23 de xullo ás 19:00 en Navia (Praza da Lagoa -As Teixugueiras, 18-20)

CONCELLO DE VIGO



MOCIDADE E PÚBLICO ADULTO

Regueifas

ORAL de Galicia e alumnado do CIOV (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo).
Para mocidade e público adulto



A Regueifa é un desafío oral improvisado en verso cunha orixe que, debido ao seu carácter basicamente oral, se perde na noite dos tempos. A súa referencia máis próxima a nós di que durante o banquete das vodas campesiñas era tradición que a parella ou a madriña dos/as acabados/as de casar puxese a disposición dos/das que non foran convidados/as á celebración, un bolo de pan chamado “regueifa”. Ademais, a maneira de ver quen era a persoa á que lle cabía o honor de repartir a regueifa, molete ou biscachón entre os/as presentes era retarse dialecticamente entre eles/as, en verso, meténdose uns con outros, cos contraentes ou cos familiares destes, para ver quen facía gala do maior enxeño e mordacidade.

Na actualidade, os/as regueifeiros/as practícanse de maneira esporádica cando son convidados/as por algún concello, algunha asociación cultural ou centro escolar para exhibir a súa habilidade en público. A confrontación realízase normalmente por parellas sen que interveña no enfrontamento dialéctico ningunha outra persoa, aínda que é relativamente habitual que cando hai varios/as regueifeiros/as ao final participen todos/as nunha roda na que cada quen fai unha copla.

Mércores, 14 de xullo ás 20:00 na Praza da Independencia

Luns, 19 de xullo ás 20:00 no Calvario (diante do mercado)

CONCELLO DE VIGO



Mércores, 21 de xullo ás 20:00 na Praza da Pedra (Vigo Vello)

Venres, 6 de agosto ás 21:00 na Ronda de Don Bosco

Mércores, 11 de agosto ás 21:00 na Praza 8 de marzo (Avda. das Camelias)

Epístola ás neofalantes



AldaoLado

Para mocidade e público adulto

Idade recomendada a partir de 15 anos

En Epístola de AldaoLado ás neofalantes, as poetas Lucía Aldao e María Lado válense da retranca que as caracteriza para poñer sobre a mesa unha reflexión sobre a situación actual da lingua galega e o seu futuro. Sempre dende unha perspectiva crítica e comprometida co idioma, as dúas poetas artellaron este espectáculo onde a poesía, a música e sobre todo o humor -presente na narración oral que o envolve todo- están orientados a reafirmar a nosa lingua como unha lingua moderna, síntoma de coñecemento e cultura e, sobre todo, con moitas primaveras por diante por obra e graza das persoas neofalantes. A combinación de recital de poesía, música en directo, xogos co público e improvisación é sempre característica dos espectáculos de AldaoLado. Nesta ocasión achégannos unha proposta delirante, na que unen emotividade e risas, e na que, dunha maneira desenfadada, se permiten rir de todo para facernos reflexionar sobre o

CONCELLO DE VIGO



que realmente importa. Porque, ás veces, Lucía e María senten que están predicando no deserto, pero elas sempre din que vaia, que houbo outro antes que empezou así e á súa causa non lle foi tan mal.

Venres, 6 de agosto ás 20:00 na Ronda de Don Bosco

Marcho que teño que marchar



Bea Campos

Contos tradicionais, lendas e segredos de familia. Nesta divertida sesión de narración oral para público adulto.

Na miña casa sempre me dicían, do que escoites aquí non fales fóra... Pero que facer se as historias que che contaron son tan increíbles? Pois non me quedou outra que construír un espectáculo de narración oral con elas, iso si, tédesme que gardar o segredo.

Mércores, 11 de agosto ás 20:00 na Praza 8 de marzo (Avda. das Camelias)

CONCELLO DE VIGO



De ti e mailo mundo que apañes



Xarope Tulú

Mocidade e público adulto

Idade recomendada a partir de 14 anos

De ti e mailo mundo que apañes pretende ser un humilde percorrido pola obra da poeta, tradutora e editora Xela Arias, un percorrido que nada ten de cronolóxico pero moito de persoal, co que a nós se refire. Revoltas pola palabra achegámonos excitadas á súa obra, posuídas por esa escrita extrema que remove pel e ósos. Aparece entón a dúbida, o medo ao non estar á altura de semellante extremidade, a de Xela, a dos extremos. Pero nese xusto momento o poema tranquilízanos. *De ti e mailo mundo que apañes* é un espectáculo dirixido á mocidade que combina a narración oral con outras linguaxes escénicas. Esta proposta tenta facer un breve percorrido pola obra da poeta Xela Arias, sumerxíndonos tanto na súa poesía como na súa breve pero interesante obra narrativa. Xela, a poeta que ten máis de actual que de histórica.

Venres, 20 de agosto ás 20:00 na Ronda de Don Bosco

CONCELLO DE VIGO



Titoán



Inacio Vilariño

Mocidade e público adulto. Idade recomendada a partir de 15 anos

Titoán "As aventuras do mozo Castelao", é un espectáculo de narración oral que pode contar ou non con apoio multimedia, no que se conta ao público a vida de Castelao antes de convertese na figura emblemática que despois foi, empregando como punto de partida a banda deseñada do título TITOÁN de Inacio Vilariño e Iván Suárez que obtivo o premio Castelao 2011. Os anos que se describen da vida de Castelao, son os que van desde o seu nacemento até que acude como médico aos seus veciños de Rianxo afectados pola gripe española. As anécdotas desta época están recollidas en relatos de Cousas e Retrincos.

Venres, 13 de agosto ás 20:00 na Ronda de Don Bosco

Mércores, 25 de agosto ás 20:00 na Praza 8 de marzo (Avda. das Camelias)